

IMPULSANDO UN ECOSISTEMA EMPRENDEDOR NO COOPERATIVISMO

EDICIÓN IV | TELEFORMACIÓN

No marco do proxecto ES Factory, Programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027,

Datas: Do 4 ao 30 de novembro 2025 **Duración:** 40 horas **Modalidade:** Teleformación con sesións virtuais de aprendizaxe **Sesións virtuais de aprendizaxe:** 3 sesións en horario de 11:00 a 12:30 h o 6, 18 e 27 de novembro. **Inscripcións:** [NESTE ENLACE](#)

Obxectivos

- Impulsar a dinamización dun ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social galega.
- Achegar ás persoas prescriptoras de emprendemento as especificidades, características, apoios e vantaxes do emprendemento cooperativo e a economía social.
- Dar a coñecer a cooperativa como ferramenta de creación de emprego inclusivo, estable e de calidade, de dinamización do tecido sociocomunitario e de fomento do equilibrio e da sostibilidade territorial.
- Incorporar á empresa cooperativa en procesos divulgativos, formativos, de acompañamento, de elaboración de normativa e axudas para a creación de novos proxectos, das persoas prescriptoras.

Programa e contidos

Módulo 1.- Análise de necesidades para o desenvolvemento dun ecosistema emprendedor no cooperativismo.

Módulo 2.- Coñecendo as cooperativas: características diferenciadoras e dimensión societaria.

Módulo 3.- Cooperativas e acceso ao financiamento.

Módulo 4.- Proceso de constitución e maduración dun proxecto cooperativo.

Módulo 5.- Cando recomendar a cooperativa. Casos prácticos.

Metodoloxía

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso.

Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo.

As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante.

As canles de comunicación entre o equipo tutorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

O curso desenvolverase na plataforma de teleformación de EspazoCoop:
<https://aulaespazocoop.com>

Destinatarias

O curso está dirixido a persoas prescriptoras de emprego e emprendemento de distintas organizacións e entidades, públicas e privadas de Galicia: persoas de servizos de orientación laboral, axentes de desenvolvemento local, persoal técnico da Rede de Polos de Emprendemento, xestoras e asesoras de empresas, servizos de emprego e emprendemento, tecido educativo de ensino medio e superior, asociacións empresariais e sindicais, etc.

Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Financiado por

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España - Portugal

Es_factory